

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b></p> <p>A avaliación non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso de forma global. a avaliación continua será a máis importante para este nivel. Con ela pretendemos coñecer como se van acadando os obxectivos, capacidades e competencias, de maneira que se poidan realizar os axustes necesarios en todo o momento para lograr un ensino-aprendizaxe máis efectiva.</p> <p>Debido á situación que estamos vivindo, levarase a cabo unha avaliación continua a través da comunicación coas familias, o que nos permitirá coñecer se van construíndo as aprendizaxes así como os avances e progresos que van conseguindo. Valoraranse tamén as actividades e o traballo proposto ao longo do trimestre grazas á recepción de fotografías das tarefas que o alumnado vai realizando. Tamén contamos cunha plataforma educativa (Snappet), a cal nos permite traballar contidos das áreas de lingua galega, lingua castelá e matemáticas; e onde podemos observar o progreso do alumnado e incidir naqueles aspectos que máis dificultade presenten.</p>
	<p><b>Instrumentos:</b></p> <p>Os instrumentos empregados para a avaliación do alumnado serán:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Rexistro do traballo realizado polo alumnado a través de conversas coas familias.</li><li>-Revisión das tarefas escritas que sexan remitidas polas familias mediante fotografías dos traballos propostos.</li><li>-Seguimento das tarefas realizadas na plataforma Snappet</li></ul> <p>De acordo coa información compartida coa familia e coa que xa se tiña do 1º e 2º trimestre, a final de curso elaborárase un informe anual individualizado no que se reflectirán os datos máis relevantes do proceso de avaliación continua e que recollerá o grado de consecución xeral dos obxectivos, así como as medidas de reforzo e adaptación que, se é o caso, fosen empregadas. Ademais, contemplaranse tamén as medidas, contidos, competencias... pendentes para o curso que vén, especialmente no caso do alumnado que remata etapa, o que se complementará coas avaliacións iniciais futuras.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Para a obtención da cualificación final do presente curso 2019/2020 teranse en conta as seguintes porcentaxes e calcularase en función das mesmas.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>-Cualificación obtida na primeira avaliación: 60%</li><li>-Cualificación obtida na segunda avaliación: 40%</li><li>-Terceira avaliación: 10% sobre a cualificación obtida, distribuíndose da seguinte maneira: (0'5% entrega das tarefas propostas, 0'25% segue as indicacións dadas, 0'25% presentación axeitada (limpeza, orde...).</li></ul> <p>Neste caso a terceira avaliación non puntúa nunca negativamente, sempre en positivo. O alumnado <u>promocionará</u> sempre e cando acade os obxectivos e competencias básicas para ese curso. No caso de que estas non sexan conseguidas, o alumnado non promocionará.</p>

<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	En Educación Primaria non contemplamos a proba extraordinaria de setembro e non se dá o caso en primaria de alumnado con materia “pendente” como tal.
---	---

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>As actividades que se propoñen ao longo deste trimestre para o alumnado son principalmente de consolidación, reforzo e repaso do construído durante o primeiro e segundo trimestres. Tratan de ser actividades motivadoras e variadas.</p> <p>Tamén se realizan actividades de ampliación de acordo coas demandas do propio alumnado e as familias. Para algúns casos as explicacións do libro son suficientes debido a que se trata de contidos sinxelos; noutros son complementados cunha breve explicación dada por min no documento que se lle achega semanalmente ó alumnado; e noutros casos son completadas por vídeos sacados de internet. En todo caso, trátase de facilitar as tarefas para que non resulten difíciles a súa explicación para as familias.</p> <p>Otro recursos co que contamos é a plataforma Snappet. Para a cal é necesario dispoñer de internet e un soporte dixital (ordenador, Tablet, mobil...). Nesta plataforma carganse semanalmente contidos traballados a semana anterior, co fin de reforzalos e consolidalos.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>A práctica educativa está marcada por unha metodoloxía que ten en conta a diversidade do alumnado, así como os diferentes ritmos de aprendizaxe. Atenderase ao desenvolvemento da autonomía, así como á capacidade de aprender por si mesmo. Propoñeranse, na medida do posible, actividades que resulten significativas para o alumnado e que resulten motivadoras.</p> <p>Todos os luns se publican na web as tarefas propostas para a semana, organizadas por cursos.</p> <p>Estas constan de:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>-Follas de contas: sumas, restas, multiplicacións e división.</li><li>-Follas de lecturas comprensivas.</li><li>-Elaboración de pequenos proxectos de ciencias con material caseiro.</li><li>- Actividades dos libros. Establécense e explícanse as páxinas propostas por días, similares ás que faciamos na escola.</li><li>-Actividades de reforzo na plataforma Snapeet.</li><li>-Actividades interactivas en diversas plataformas dixitales.</li><li>- Actividades das diferentes especialidades: música (con audios, cancións, discriminacións auditivas), EF con propostas de xogos e retos) e lingua inglesa.</li></ul> <p>O alumnado con conectividade accede directamente á web e dende alí olla as propostas da semana, que non é necesario imprimir. Pola súa parte, ao alumnado sen conectividade envíaselle a través do teléfono móbil (vía whatsapp) os documentos pdf coa proposta de tarefas para a súa visualización e realización.</p>

	<p>Ó remate da semana pídeselles que nos reenvíen os resultados das tarefas, para así, ser coñecedores a súa realización, avances, dificultades... e así podendo orientar as actividades futuras.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>Os materiais empregados inclúen tanto materiais xa elaborados (libros) como materiais elaborados por nós e polas familias (xogos como o tangram, follas de tarefas...), adaptados á idade e ás diferentes situacións.</p> <p><i>Material para o alumnado</i></p> <p>Dende o centro educativo fixemos chegar ao alumnado ás súas casas, a través do Concello, o seguinte material didáctico:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Libros e cadernos de traballo.</li> <li>- Material elaborado polo propio profesorado para a realización das diferentes actividades e proxectos (que se pode consultar na web do centro todos os luns e que o Concello lles fai chegar impreso se así o solicitan).</li> <li>- Libros de lectura do centro emprestados que o Concello achega todos os xoves ás casas dos nenos e nenas que así o soliciten (Biblioteca móbil).</li> <li>- Material do entorno: follas, pedras... e material reciclado.</li> </ul> <p><i>Material do profesorado</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Propostas e recursos didácticos para orientar o desenvolvemento dos proxectos.</li> <li>- Vídeos, audios, recursos Tics atopados na web.</li> <li>- Ordenador e outros dispositivos electrónicos (como tableta ou teléfono)</li> </ul>